

O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO GALEGO

Nos últimos anos semella existir conciencia, dende as institucións, para conservar o patrimonio etnográfico galego, aínda que as medida adoutadas, polo momento, non teñen sido o efectivas que era de esperar. Galicia é un país cun variado e amplísimo patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

É preciso dende as escolas fomentar esa recuperación dos sinos de identidade do pobo, non só no aspecto material, senon tamén no inmaterial que está a desaparecer cos nosos devandeiros.

Un xeito de que os rapaces/as valoren ese patrimonio é que o coñezan, só así podrán valoralo. Unha actividade moi interesante, tanto dende a materia de Xeografía e Historia, como a de Lingua e Literatura Galega, Tecnoloxía, ... e algunha outra, sería a catalogación dese patrimonio.

Dende hai algunhas décadas o Museo Provincial de Pontevedra ven convocando distintos premios, entre outros o "García Alén" para escolares, cos que pretende non só que os mozos e mozas dos nosos centros valoren o seu patrimonio histórico, senón tamén coa finalidade de recoller e documentar en diversos soportes a "memoria dos nosos avós e avóas" que estase a perder con eles.

Outra experiencia moi positiva nese campo é o traballo dos "Meninos Cantores" (http://www.pai-musica.com/meninos/meninos_cantores.html), un traballo moi loable realizado entre colexios do norte de Portugal e Galicia, que surtiu no marco de colaboración entre a organización educativa "Ponte ... nas ondas! E a "Casa de Tola", que publicaron un fermoso CD + DVD "Meninos cantores". (www.pontenasondas.com)

Os bloques que nos interesaría traballar serían:

- 1.- A TOPONIMIA (Ficha Toponimia)
- 2.- O PATRIMONIO MATERIAL (Ficha muíños- Ficha hórreos)
- 3.- O PATRIMONIO INMATERIAL (Ficha inmaterial)
- 4.- OS MUSEOS ETNOGRÁFICOS e ROTAS CULTURAIAS

1.- ESTUDO DA TOPONIMIA

É un traballo moi interesante, tanto dentro das aulas como fóra delas. No tema que aquí nos ocupa a toponimia pode aportar datos sobre restos arqueolóxicos de antigas construcións de produción de enerxía, hoxe desaparecidas. Por exemplo, no lugar de Muíños en Vigo, é onde podemos observar os restos do único muíño de vento que se conserva na cidade.

2.- ELEMENTOS DO PATRIMONIO MATERIAL ETNOGRÁFICO GALEGO

Poderíamos clasificar o noso patrimonio atendendo a diversos criterios. Neste caso, como o fío argumental son as distintas fontes de enerxía, esta é a clasificación que lles aportaremos aos nosos alumnos/as.

INXENIOS DE AUGA:

1) Ferrerías:

- Ubicación.
- Terminoloxía.
- Elementos constitutivos.
- Finalidade.

2) Muíños:

- Orixe dos muíños: antecedentes.
- Tipoloxía: Enerxía (eólicos e hidráulicos); polos propietarios (maquía ou herdeiros); atendendo a tipoloxía de roda hidráulica (horizontal, de canle, de pozo, de mareas; de roda vertical; de Abalo
- Estructura dos edificios: simple e regular ou muíños compostos por distintos módulos agrupados. Elementos constitutivos.
- Os mecanismos do muíño: de rotación, de trituración.
- Elementos complementarios.
- Produtos obtidos.
- Contos e cantigas populares. Lendas.

3) Mazos/Batáns

4) Lagares/prensas.

5) Pedras de afiar.

6) As fontes e lavadoiros: Tipoloxías e lendas.

7) As embarcacións tradicionais

- Gamela da Guarda
- Bote Polbeiro
- A lancha Xeiteira

AS CONSTRUCCIÓNS DE CARÁCTER RELIXIOSO:

- 1) Cruceiros: Ubicación, finalidade, quén e por qué os construiu; elementos arquitectónicos e iconográficos. Historia e tradicións.
- 2) Petos de Ánimas e esmoleiros: Situación, motivo da súa construción e tradicións. Iconografía.
- 3) Pedras Sagradas/Lapas. As pedras de Abalar (Muxía)

CONSTRUCCIÓN DE CARÁCTER DOMÉSTICO:

-

- 1) As vivendas do rural: interior/mariñeiras.
- 2) Pallozas: Distribución en planta. A construción e os materiais. Clasificación. Evolución histórica: A tradición prerromana, os romanos, os cristiáns e o feudalismo; cultura moderna.
- 3) Hórreos, canastros:
 - A forma do hórreo: Planta e alzado.
 - Elementos arquitectónicos do hórreo: sustentación, cámara (paredes, teito, materiais), elementos ornamentais.
 - Tipoloxía de hórreos.
 - Finalidade.
- 4) Palleiras:
- 5) O Forno comunal
- 6) A arquitectura do gando:
 - Características.
 - Tipoloxías: As cabanas; os curros;

3.- ELEMENTOS DO PATRIMONIO INMATERIAL ETNOGRÁFICO GALEGO

O FOLCLORE GALEGO:

1.- OS INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA:

- Membranófonos: Tambor, bombo, pandeireta, pandeiro, pandeira.
- Idiófonos: Culleres, tarrañolas, cunchas, canaveira, castañolas, lata e botella.

2.- OS XÉNEROS E OS TIPOS:

- Xéneros: cantos infantís, cantos de labor, parrafeos, cantos de costumes.

@ *Cantos de labor*: seitura, arriga e da sega. Espadelada. Cantar de arrieiro. Cantar de canteiros. Cantares dos fiadeiros.

@ *Cantos do ciclo anual*: Xaneiras, aninvos e manueles. Os Reis. O Entroido. Os Maios.

@ *Cantos de costumes*: A Regueifa.

@ *Cantos de Lecer*: Muiñeira. Pandeirada ou canto de pandeiro. Jota. Foliada. Agarrados.

- *Tipos*: coplas, cantos enumerativos, narrativos.

@ *Xogos*

@ *Alalás*.

@ *Cantos narrativos*: Cantares e romances de cego. Romances comúns. Romances relixiosos.

@ *Cantos varios*.

AS FESTAS POPULARES GALEGAS:

- 1) As romarías e festas de carácter relixioso: San Andrés de Teixido, Os Milagres, A Franqueira; o Antroido; Semana Santa, Nadal, ...
- 2) As romarías profanas: romaría vikinga, festas gastronómicas, ...
- 3) Festas de carácter histórico: A festa da Historia de Ribadavia; a festa da Arribada de Baiona; a batalla de Elviña; a Reconquista de Vigo ...
- 4) Festas de carácter climatolóxico e celebración das estacións: Maios, San Xoán, San Miguel, San Martiño, San Amaro, A Candelaria ...
- 5) Os Santos e as súas procesións: simboloxías.
- 6) Tradicións galegas na gastronomía: A matanza do porco, os capóns no Nadal, os doces máis enxebres, ...
- 7) As crenzas populares galegas: Santa Compañía, mal de ollo, meigas, ...
Rituais para arredalos de nos.

OFICIOS TRADICIONAIS GALEGOS:

- 1) Afiador
- 2) Paragüeiro.
- 3) Telleiro/cabaqueiro
- 4) Mariñeiros/peixeiras/mariscadoras: O mundo do mar.
- Apeiros de pesca.

- Tradicións orais.
- Tipoloxías de peixes e mariscos (nomes galegos).
- Refraneiro popular.

5) Os labregos:

- Tarefas
- Ditos populares
- Apeiros de labranza.
- Refraneiro popular

MUSEOS ETNOGRÁFICOS E ROTAS DE SENDEIRISMO

UNHA MOSTRA DOS MUSEOS ETNOGRÁFICOS GALEGOS:

1) Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)

<http://www.museodopobo.es/>

2) Museo Liste (Vigo)

<http://www.museoliste.org/>

3) Museo Provincial de Pontevedra.

<http://www.museo.depontevedra.es/>

4) Museo Massó (Bueu)

<http://www.delmorrazo.com/quevisitar/bueu/museo-masso.html>

5) Museo da Terra de Melide

<http://www.mtmelide.es/panos/visita.html>

6) Museo de Ribadavia

<http://museoetnoloxico.ribadavia-blog.xunta.es/>

7) Conxunto etnográfico de Allariz

<http://www.allariz.com/verturismo.asp?sec=115&pd=350&id=120>

ROTAS DE SENDEIRISMO:

1.- Os muíños do Folón

2.- Rota dos muíños de Oia

3.- Musealización dos petroglifos de Gondomar, Baiona e Tomiño:
"Petroglifos do Monte Tetón".

4.- Aserradoiro do Rosal

REFERENCIAS DOCUMENTAIS

OS BATÁNS:

http://www.allariz.com/datos/Unidade_Didactica_-_O_Tecido.pdf

OS CANTEIROS

MÉNDEZ LOJO, Isabel: *Os Canteiros*. Unidades Didácticas do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 2001.

[Describe: a xornada, o traballo, o verbo dos canteiros, signos lapidarios, obras dos canteiros, bibliografía. 13 páxinas]

GONZÁLEZ, Praxíteles: *Diccionario do verbo dos cabaqueiros con mas de 400 voces e ilustraciones*. 1990

[Contido: Embajadores de los infiernos; diccionario do verbo do cabaqueiro ordeado alfabeticamente; un día na cabaqueira. 19 páxinas]

CURTIDO DO COIRO e TECIDOS

VARIOS: *Os tecidos. Cal fiamos, tal andamos*. Unidades Didácticas do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1996.

[Contido: Cal fiamos, tal andamos; tipos de tecido; refraneiro do liño; voc abulario. 12 páxs]

<http://www.mecam.net/menu/unidad/46.htm>

[As palilleiras e as palilladas. Unidade didáctica con actividades, refráns, ...]

http://www.allariz.com/datos/Unidade_Didactica_-_O_Coiro.pdf

[Unidade didáctica sobre o curtido do coiro no museo etnográfico de Allariz]

<http://www.mecam.net/menu/unidad/19.htm>

[A historia do encaixe. Unidade didáctica con ilustracións e actividades]

OS MUÍÑOS

LÓPEZ NOYA, Pilar: *Os Muíños*. Unidades Didácticas. Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e acción cultural. Santiago de Compostela, 2000.

[Tipoloxía de muíños, partes e características. 12 páxinas]

VARIOS: *O museo dos muíños de Acea de Ama*. Concellería de Cultura. Concello de Culleredo, 2000

http://www.mazonovo.es/u_didactica/udidactica1.pdf

[Dúas unidades didácticas sobre os muíños e os inxeños de auga en Taramundi]

http://www.allariz.com/datos/Unidade_Didactica_-_O_Mui%F1o.pdf

OS HÓRREOS

PÉREZ GONZÁLEZ, Luís María: *Os hórreos*. Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

A PESCA E AS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

CALVO GÓMEZ, Luis; LORENZO, Xaquín: *A construción das embarcacións tradicionais*. Unidades Didácticas do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1994.

[Procesos de carpintería de Ribeira, 16 páxinas]

COSTA PÉREZ, Evelio; VILAS OTERO, Rafael; ZABALETA ESTÉVEZ, Mar: *As embarcacións e artes de pesca tradicionais*. Unidades Didácticas do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 2000.

[Describe o marisqueo, as embarcacións tradicionais de Galicia, as de pesca, artes de pesca, pinturas e marcas, ... 23 páxinas]

COSTA PÉREZ, Evelio; VILAS OTERO, Rafael; ZABALETA ESTÉVEZ, Mar: *O medio mariño*. Unidades Didácticas. Museo do Pobo Galego/DEAC. Santiago.

[Artes de pesca; tipoloxías tradicionais de embarcacións de pesca]

VARIOS: *O Patrimonio das pesqueiras do Miño*. Traballo interdisciplinar intercentros. Profesores do IES Pedra da Auga, 2005.

[Documento para a declaración das Pesqueiras do Río Miño como Bens de Interese Cultural. 20 páxinas]

<http://www.carpinteriaderibeira.org/proxecto.html>

[Asociacións para a conservación das tradicións pesqueiras e a construción de embarcacións nas rías galegas. Información sobre diversas actividades, entre elas exposicións]

<http://www.culturamaritima.org/node/927>

[Asociacións para a conservación das tradicións pesqueiras e a construción de embarcacións nas rías galegas. Información sobre diversas actividades, entre elas exposicións]